MORAIME: DEBUXANDO A PAISAXE HISTÓRICA DA COSTA DA MORTE.

Marta Becerro Manso (Tomos S.L)

Manuel Vilar Alvarez.

mbmanso@yahoo.es

mvilaral@telefonica.net

Cando imos cara a Muxía vemos á esquerda da estrada a silueta dun campanario e o volume dunha igrexa que, pese a estar rodeada dun cemiterio, semella ser importante. Un dos primeiros estudosos da mesma dínolo dun xeito máis literario: "un vulgar campanario no indica nada desde lejos, pero al acercarse, los canecillos labrados del ábside, los contrafuertes y el ingreso lleno de esculturas [...] nos dijeron claramente que oculto en aquel valle había algo más que una modesta iglesia parroquial" (García de Pruneda 1908: 84).

É a igrexa de Moraime, hoxe un lugar case que esquecido, pero noutros tempos, especialmente no medievo, foi un dos lugares centrais e dinamizadores do territorio que hoxe coñecemos como Costa da Morte. Entón Moraime xogaba un papel importante na organización deste territorio e podemos dicir que, seguramente, sen Moraime a Costa da Morte sería hoxe distinta, pois moitas cousas que hoxe forman parte do noso existir social –vila de Muxía, romaría da Barca, peregrinación xacobea a Fisterra e Muxía, etc- seguramente non existisen ou terían outra configuración moi distinta á actual. Polo tanto diremos que "coñecer a historia de Moraime é comezar a coñecer a historia de toda a bisbarra na que se atopa (do Xallas, de Fisterra, da Costa da Morte)" (Dos Santos 1985), pois pensamos que o desenvolvemento dun territorio non se pode facer dando as costas ao pasado. E a historia de Moraime é a nosa historia, a historia da Costa da Morte.

Se nos desviamos da estrada e nos detemos en Moraime atoparemos un interesante conxunto conformado por diversos elementos, todos eles de gran importancia e valor cultural, pero dos que a cidadanía a penas ten información e coñecemento suficiente para gozar dos mesmos e aprecialos en todo a súa dimensión. Para que isto sexa posible hai que redescubrir o seu patrimonio artístico e histórico, para mostrar a importancia histórica, artística e social deste lugar. Só así volverá, de novo, ser un referente patrimonial de primeira orde na Costa da Morte, neste caso un referente patrimonial que poida ser visitado e aprezado en todo o seu contexto, podendo así contribuír ao desenvolvemento local por medio da potenciación dun turismo cultural.

Fig.01

Pero antes de nada Moraime precisa dun proxecto de rehabilitación e restauración que asegure a súa continuidade, especialmente das súas pinturas murais; despois tería que vir un plano de difusión e explotación; tamén dun proxecto que reorganice os elementos e os poña decentes, pois dá unha mala imaxe ver como os restos arqueolóxicos están tirados de calquer xeito á intemperie e deteriorándose día a día. Pero ambos proxectos deben ir acompañados e parellos a outro centrado, especificamente, na investigación e recuperación patrimonial como paso primeiro para valorizar o que temos e crear ilusión na poboación local, ademais de fomentar a súa atracción na poboación foránea. Todo isto redundaría na potenciación do seu valor patrimonial e social, e nun futuro máis prometedor ao servizo pleno da sociedade.

Para isto hai que facer unha “interpretación” dos valores e elementos que configuran este ben cultural. E por interpretación entendemos dar a coñecer, facer accesible e explicar o sentido e significado dun ben, neste caso o ben son varios compoñentes que se aglutinan no que coñecemos como igrexa de San Xulián de Moraime e a súa contorna. Pensamos que é precisa esta interpretación porque non hai unha comprensión global deste ben cultural, non se entende realmente o significado total do conxunto denominado Moraime.

A interpretación tamén a podemos entender como unha ferramenta de planificación dentro dunha estratexia de desenvolvemento e dinamización sociocultural. E toda estratexia de desenvolvemento leva outra de política de intervención e uso social, de democratización do ben, tamén de preservación. Só así podemos darlle a volta a unha sentenza escrita, xa en 1857, ante o estado da casa reitoral: “su vista sorprende agradablemente, pero la idea de su porvenir es sin duda triste”. O porvir de Moraime non pode ser triste, porque

tamén é o noso porvir e queremos vivir nunha sociedade con futuro e con futuro digno.

Pero antes de seguir teremos que dicir que é Moraime, cales son eses elementos que o conforman.

Cando dicimos Moraime referímonos a un conxunto conformado pola igrexa de San Xulián, pola vella reitoral e polos elementos que están na súa contorna inmediata, todos eles na aldea de Moraime á esquerda da estrada que nos leva á vila de Muxía e a uns 3 km. desta, unha vez que deixamos atrás o lugar dos Muños. Se nos achegamos até aquí atoparemos:

ELEMENTOS QUE CONFIGURAN MORAIME

1/ uns restos arqueolóxicos da época romana e xermánica. En marzo de 1972 apareceron na leira situada ao carón da igrexa, polo lado sur, restos arqueolóxicos ao abrir unha máquina unha gabea. Este achado casual levou a unha campaña de escavación no verán dese mesmo ano, dirixidas por Manuel Chamoso Lamas, entón delegado de Belas Artes para Galicia e membro da Comisión General de Excavaciones Arqueológicas. As escavacións puxeron á luz os restos dun interesante xacemento de época romana, posiblemente unha *villae*, xunto a unha necrópole do período xermánico. Sen embargo o director da escavación a penas deu información sobre os achádegos e o pouco que hoxe sabemos sobre as mesmas procede de estudos posteriores sobre os materiais ou de comparacións con outros xacementos. Aínda así podemos dicir que Moraime é un xacemento “muy limitado en el número de publicaciones que recogen los resultados de las intervenciones realizadas” (López Pérez 2004: 42). De facilitarnos os autores da escavación, especialmente Manuel Chamoso Lamas porque tamén participou na escavación Carro Otero, un pouco máis de información, hoxe saberíamos algo máis sobre este xacemento, un dos máis importantes da Costa da Morte, seguramente un lugar con fins residenciais e produtivos, un lugar con certa importancia e protagonismo, un lugar determinante desta zona á hora de organizar o seu territorio.

O xacemento quedou no abandono e hoxe non apreciamos o seu valor, só vemos unhas pedras espalladas por unha leira. Pero aquí estaba, seguramente, a poboación romana máis importante desta costa, como o demostran as estruturas aparecidas e os achados de materiais. Unha parte da escavación sacou á luz os restos dun hipocausto. Apareceron tamén numerosos restos cerámicos, especialmente *terra sigillata*, vidros, moedas, bronces, etc., que nos falan de relacións comerciais con lugares doutras partes do imperio romano, como podía ser o norte de África. Sen ser especialistas diremos que estes restos falan de que o xacemento podía xa estar activo no século I da nosa era e que seguía activo nos séculos V e VI.

Pero o elemento máis chamativo desta época romana sería unha fonte de pedra de carácter monumental, hoxe algo visible parte da mesma. A fonte, á que a auga chegaba por unha tubaria de pedra, chamaba a atención pola súa

calidade e monumentalidade e foi interpretada como de época romana polos materiais asociados a ela e pola súa natureza construtiva. De ser correcta a inclusión no período romano estaríamos “ante un modelo de fuente poco conocida” e sen paralelos noutros xacementos da península Ibérica (González Soutelo 2007: 83).

Fig.02

Fig.03

No mesmo lugar atopouse unha necrópole de máis de once tumbas de época xermánica e datadas no século VII, o que nos di que tras a ocupación romana no lugar asentouse unha poboación xermánica. Tamén deu importantes materiais, considerados como os máis importantes de época xermánica en Galicia. Destacamos unha cruz, un broche de cinto, algún deles foron expostos en exposicións celebradas no Museo do Mar de Vigo ou no Arqueológico Nacional de Madrid, o que fala da súa importancia. Para o profesor Manuel Núñez (1978: 67) non hai dúbida que todos estes restos "son indiscutibles restos arqueolóxicos dunha comunidade cristiá, emprazada sobre unha organización anterior ou vila romana.

Pero hoxe nada disto é accesible ao visitante cando este se achega a Moraime, agás unhas cantas pedras por alí tiradas. O acceso á información é tamén un dereito democrático.

2/ unha igrexa románica monumental e cun programa iconográfico único. A igrexa de San Xulián de Moraime é o único resto material visible que nos queda do que outrora fora o máis importante mosteiro da Costa da Morte. As orixes do mesmo non están claras, pero podemos situalas no século XI, pois a finais deste século xa temos testemuños escritos da súa importancia. Desde os comezos vai contar coa protección de poderosos patróns, como Pedro Fróilaz, o todopoderoso conde de Traba e membro da familia nobre máis importante de Galicia ao arredor do ano 1100. Isto vai repercutir en importantes doazóns de propiedades e rendas que lle dan ao mosteiro un papel determinante na configuración do territorio no que se asenta e un poder importante, que os seus abades saberán manexar en proveito do mosteiro. Así Moraime será couto, é dicir, administraba un territorio e dispoñía sobre a súa poboación, mesmo sobre as súas vidas.

Un feito importante é a estadía aquí do futuro rei Afonso VII Reiumúndez, como el mesmo recoñece nun documento de 1119, cando a situación política era de inestabilidade en Galicia debido ás liortas entre a súa nai e o seu padrastro. Moraime era entón un lugar seguro e de prestixio para educar a un futuro rei, quen despois axudará a reconstruír o seu templo, destruído polos diversos ataques piratas. Da importancia deste lugar para a nobreza e gremios falan as laudas sepulcrais agora á intemperie.

Pero non queremos facer aquí un repaso pola historia deste lugar, que tamén habería que facer para coñecer mellor, senón unha mínima contextualización para situar o papel deste mosteiro á hora de entender o valor artístico da súa igrexa, declarada xa Ben de Interese Cultural no ano 1972.

A igrexa é monumental, de estilo románico e levantada no século XII. Ten un rico programa iconográfico nas súas fachadas occidental e sur, programas con temática non moi presente no románico galego, como unha representación da última cea. Non imos facer aquí unha descrición detallada dos mesmos xa que nos ocuparía varias páxinas e non é este tampouco o lugar, tan só salientar que desde Santiago de Compostela até o Océano non hai outros semellantes e con tal riqueza temática e estilística, riqueza que non estamos aproveitando

para o benestar da nosa sociedade. Coñecer a importancia da iconografía das súas fachadas axudaría a potenciar este ben cultural.

Fig. 04

Fig. 05



3/ unhas pinturas murais únicas. No interior do templo, na parede do lateral norte, descubríronse a finais da década de 1960 pinturas murais. Estas representan as personificacións dos sete pecados capitais, unha a unha, que todo cristián tiña a obriga de coñecer por ser os máis graves que podía cometer. Péchase a representación cunha imaxe da morte triunfante. O tema tamén foi tratado, de xeito literario, polo escritor Manuel Rivas na súa novela *En salvaxe compaña.* As pinturas tiñan no seu momento unha finalidade didáctica e servían de apoio visual aos cregos á hora de transmitir a súa mensaxe moral e advertir aos fieis dos perigos do mal e das tentacións.

As pinturas de Moraime destacaban pola súa calidade artística entre a pintura mural galega e pola orixinalidade no tratamento deste motivo na pintura mural europea. Para Chamoso Lamas (1995) co descubrimento destas pinturas “se ha logrado para el Noroeste peninsular una de las más notables obras de arte pictórico descubiertas hasta el presente”. E, sen embargo, deixámolas perder, porque hoxe as pinturas están nun estado lamentable e é moi difícil aprezalas. Cronoloxicamente sitúanse ao comezo da idade Moderna.

Fig.06

4/ unha vella casa reitoral. Ao carón do templo está a vella casa reitoral, agora restaurada para uso hoteleiro, pero moito tempo no abandono. Probablemente foi construída a mediados do século XVIII e ten forma de ángulo recto, formando un patio pechado por un muro exterior no que se abre un portalón de acceso. Á casa accédese desde o patio ou desde o lateral que mira á horta, en ambos casos por unha escaleira de pedra que remata nun patín. Tanto na fachada da casa como na da igrexa podemos ver a marca parietal que identificaba este lugar co mosteiro compostelá de San Martiño Pinario. Fóra do espazo da casa atopamos un hórreo, un pombal e un lavadoiro cuberto.

Fig.07

5. unha escultura de Francisco Asorey. No cemiterio pegado ao lateral norte da igrexa, atopamos un busto dun dos párrocos de Moraime, obra do escultor galego Francisco Asorey e que ben merece unha visita.

Fig.08

En paralelo a todo isto hai que situar outros elementos, como o campo onde se celebran as festas parroquiais, os seus cruceiros e edificios que están no mesmo, hoxe cortes de gando, pero historicamente vinculados á vida do mosteiro. Tamén en relación coa historia do mosteiro estaría a praia de Area Maior, por onde sacaban ao exterior o trigo que cobraban das rendas, e as coñecidas como Pedra da Forca, onde a tradición coloca a forca que o mosteiro tiña como entidade que administraba xustiza.

UN FUTURO DIGNO PARA UN LUGAR DESTACADO DO NOSO PASADO

Até aquí unha moi breve descrición do que podemos atopar en Moraime, da súa importancia histórica e cultural e do seu estado actual. Pero pensamos que isto podía contribuíra o desenvolvemento da zona si contase cun plano de xestión, con ferramentas que fagan visible e entendible este ben cultural, grazas a un discurso interpretativo que chegue á sociedade e que faga que esta sinta que este ben é útil e necesario para as súas vidas e unha mellor calidade das mesmas. Ademais Moraime ten elementos suficientes para poder sorprender e emocionar a quen o contemple ou o descubra por vez primeira, e tamén para emocionar aos que xa o coñecen e gocen da súa contemplación unha e outra vez. Co seu aprezo tamén estaríamos contribuíndo á súa protección e conservación para o futuro.

Pensamos que sería moi interesante vincular Moraime coa demanda social de patrimonio cultural e co turismo cultural, nun momento no que Muxía vai contar cun Parador Nacional de Turismo, está en marcha unha instalación hostaleira na propia casa reitoral de Moraime, e conta con cinco establecementos de turismo rural no seu territorio municipal. Entón estaríamos aproveitando un recurso cultural para contribuír ao desenvolvemento social e económico do territorio no que está asentado, dentro dun ámbito de explotación racional e valorización dos recursos endóxenos como o máis valioso patrimonio a conservar e potenciar; estaríamos xerando desenvolvemento grazas á valorización do patrimonio cultural e convertendo a este lugar nun referente neste eido, xerando unha oferta de prestixio e axudando a crear servizos de calidade para os visitantes.

Pero para que todo isto sexa posible temos que rachar o desequilibrio existente entre o posible potencial de Moraime e o descoñecemento do mesmo. Esta ruptura pode e debe darse agora neste contexto de crise e mirando car ao desenvolvemento turístico da zona, axudando a crear un destino turístico. E un destino turístico non é máis que un lugar que ten unhas características coñecidas por un número suficiente de visitantes potenciais, segundo o define o antropólogo e especialista en turismo, Agustín Santana (1997: 57), sen esquecer que o turismo é algo que está moi metido na pel da nosa cultura occidental e que non podemos desentendérmonos del facilmente, pois nós somos cidadáns do mundo occidental e como di o filósofo italiano G. Vattimo, temos entre os nosos deberes de consumidores tamén temos o de consumir turismo cultural e, asemade, porque a conquista do tempo de lecer xa é considerado como un elemento reificador da personalidade, algo que serve para a nosa recuperación, tanto física como mental ou cultural.

Polo tanto, necesitamos o turismo e o turismo cultural. Para iso podemos ofertar o coñecemento da nosa historia e do noso patrimonio cultural. E neste sentido Moraime é un recurso susceptible de producir unha atracción de visitantes, de visitantes que xeren ingresos na poboación local e axuden á calidade de vida destes e á potencialización do seu patrimonio cultural. Pero para iso temos que convertelo nun produto, un produto cultural necesario e desexable para uns consumidores de turismo cultural e para uns consumidores locais que ven nel algo máis que un simple produto, pois forma parte da súa vida e da súa identidade. Dinamizar Moraime é transformar este ben cultural, que agora entendemos como pasivo, nun recurso cultural activo e capaz de xerar ingresos, entre outros motivos para reinvestilos na súa conservación. E dinamizar Moraime pasa pola elaboración dun plano de xestión no que actúen as diversas administracións e entidades implicadas ou relacionadas con este ben cultural. A xestión é clave á hora de que o patrimonio xere beneficios, económicos e sociais. A xestión dun ben patrimonial significa responsabilidade e responsabilidade social. Significa planificar os recursos dispoñibles, xestionar as operacións do día a día para un mellor uso e beneficio do ben, e orzamentar adecuadamente custes e beneficios. Significa ter un propósito que levar a cabo e non só boa vontade, un obxectivo que cumprir desde un punto de partida, con organización, prioridades, mecanismos de control, etc., e uns indicadores que

seguir. Só así Moraime sería algo máis que a torre dunha igrexa que destaca á esquerda da estrada cando imos cara a Muxía.

BIBLIOGRAFÍA

Chamoso Lamas, M. (1995) [1970] “Las pinturas murales en Galicia”. En *Lugo no obxectivo de Manuel Chamoso Lamas*. Lugo: Deputación Provincial, pp. 101-104.

García de Pruneda, S. (1908) “De la Galicia desconocida”. *Galícia: Revista quincenal ilustrada.* Madrid, ano III, nº 5, 1 marzo 1908, pp. 83-86.

López Pérez, Mª. C. (2004) *El comercio de terra sigillata en la provincia de A Coruña*. A Coruña: *Brigantium* 16

Dos Santos (1985) “Un pouco de historia de Moraime”. *Decrúa*, nº 3, p. 12.

Núñez Rodríguez, M. (1978) *Arquitectura prerománica en Galicia*. A Coruña: Colexio de Arquitectos de Galicia.

Santana, A. (1997) *Antropología y turismo. ¿Nuevas hordas, viejas culturas?* Barcelona: Ariel Antropología.

PÉS DE FOTO.

Fig.01: Vista da igrexa e casa reitoral de San Xulián de Moraime
Fig.02: Os restos da escavación: a fonte de época romana.
Fig.03: Novos usos para os restos de época romana.
Fig.04: A fachada occidental do templo.
Fig.05: A porta sur.
Fig.O6: Detalle das pinturas cando se descubriron. Ministerio de Cultura, Archivo General de la Administración.
Fig.07: Vista do acceso á casa reitoral desde o interior do patio.
Fig.08: O busto do crego Durán Insua, obra do escultor Francisco Asorey.